

## MEMORIA XUSTIFICATIVA CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE LUGO PARA A REURBANIZACIÓN DA RÚA SERRA DE MEIRA.

### 1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias da rede, tamén os peóns que as transitan, unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

### 2. Razóns de necesidade e oportunidade

En febreiro de 2009 asinouse un convenio entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Lugo para realizar entre outras o proxecto "Ponte Paradai e Serra de Meira".

Acometéronse as obras referentes á primeira fase que foran finalizadas en maio de 2015, Problemas coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil e a zona de servidume do río Rato obrigaron a paralizar a segunda fase das obras ata acadar un acordo entre confederación e Concello de Lugo.

En maio de 2021 a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Lugo asinaron un convenio para mellora da canle do río Rato e evitar inundacións. En abril de 2024 a confederación licitou as obras que xa están finalizadas.

A AXI actualizou o proxecto adaptándoo á actual normativa técnica, e ao proxecto promovido pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil. As obras pretenden unha nova urbanización da rúa Serra de Meira para mellorar e ampliar o devandito vial no treito comprendido entre as glorietas de Serra de Meira e da Avda. Adolfo Suárez.

### 3.- Impacto económico

O custe total da actuación estímase nun millón cento catro mil trescentos setenta con sesenta e nove céntimos (1.104.370,69 €), IVE incluído.

A Axencia Galega de Infraestruturas financiará a totalidade das obras e dos contratos de servizos necesarios para a súa execución cun importe máximo de 1.104.370,69 € con cargo á partida orzamentaria 11.A1.512B.600.1 código de proxecto 2016-00015 coa seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe €
2026	500.000,00 €
2027	516.175,64 €
2028	88.195,05 €



#### **4.- Carácter non contractual**

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Lugo que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

#### **5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público**

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora da Axencia Galega de Infraestruturas, María Deza Martínez

